



## Proxecto lingüístico do IES de ORTIGUEIRA 2023-2027 LOMLOE

*Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*

### A.1.- Decisión do IES DE ORTIGUEIRA respecto da lingua na que se impartirán as materias da Educación secundaria obrigatoria:

Curso ESO	Materia	Galego	Castelán	Sesións lectivas
1º	Bioloxía e Xeoloxía	3		3
1º	Educación Física		3	3
1º	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2		2
1º	Lingua Castelá e Literatura		3	3
1º	Lingua Estranxeira Inglés	---	---	3
1º	Lingua Galega e Literatura	3		3
1º	Matemáticas		4	4
1º	Relixión / Proxecto Competencial		1	1
1º	Segunda Lingua Estranxeira Francés	---	---	3
1º	Tecnoloxía e Dixitalización		3	3
1º	Xeografía e Historia	3		3
1º	Titoría	1		1
	<b>Total</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>32</b>

Curso ESO	Materia	Galego	Castelán	Sesións lectivas
2º	Educación Física	2		2
2º	Física e Química		3	3
2º	Lingua Castelá e Literatura		3	3
2º	Lingua Estranxeira Inglés	---	---	3
2º	Lingua Galega e Literatura	3		3
2º	Matemáticas		5	5
2º	Música	2		2
2º	Relixión / Proxecto Competencial	1		1
2º	Segunda Lingua Estranxeira Francés	---	---	3
2º	Tecnoloxía e Dixitalización / Technology and digitization		3	3
2º	Xeografía e Historia	3		3
2º	Titoría	1		1
	<b>Total</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>32</b>

Curso ESO	Materia	Galego	Castelán	Sesi3ns lectivas
3º	Bioloxía e Xeoloxía	2		2
3º	Educaci3n en Valores Cívicos e Éticos	1		1
3º	Educaci3n Física	2		2
3º	Educaci3n Plástica, Visual e Audiovisual	2		2
3º	Física e Química		2	2
3º	Lingua Castelá e Literatura		3	3
3º	Lingua Estranxeira Inglés	---	---	3
3º	Lingua Galega e Literatura	3		3
3º	Matemáticas		4	4
3º	Música	2		2
3º	Relixi3n / Proxecto Competencial		1	1
3º	Xeografía e Historia	3		3
3º	Optativa: Cultura Clásica / Ed. Dixital / Oratoria / <b>Cultura financeira</b> / Francés		3	3
3º	Titoría		1	1
Total		15	14	32

Curso ESO	Materia	Galego	Castelán	Sesi3ns lectivas
4º	Educaci3n Física		2	2
4º	Lingua Castelá e Literatura		3	3
4º	Lingua Estranxeira Inglés	---	---	3
4º	Lingua Galega e Literatura	3		3
4º	Matemáticas A e Matemáticas B		4	4
4º	Relixi3n / Proxecto Competencial		1	1
4º	Xeografía e Historia	3		3
4º	Opci3n 1: Física e Química / Latín / Economía E. / FO p e p		3	3
4º	Opci3n 2: Bioloxía / Francés / Dixitalizaci3n	3		3
4º	Opci3n 3:/ Música e Expresi3n Artística(Gal) Tecnología (Cast)		3	3
4º	Optativa: Cultura Clásica / Filosofía / Oratoria, <b>Intelixencia artificial</b>	3		3
4º	Titoría	1		1
Total		16	16	29+3

Curso BACH	Materia	Galego	Castelán	Sesi3ns lectivas
1º	Educaci3n F3sica		3	3
1º	Filosof3a	3		3
1º	Lingua Castel3 e Literatura I		3	3
1º	Lingua Estranxeira I	---	---	3
1º	Lingua Galega e Literatura I	3		3
1º	Obrigatoria de modalidade:	Mat Ac Mat Ap	Lat3n	4
1º	De opci3n de modalidade 1:		F-Q Grego I Econom3a	4
1º	De opci3n de modalidade 2:	Debuxo T3c Hª M C	Biolox3a Tecno Enxe Lite Uni	4
1º	Optativas: Franc3s	Antropolox3a L Gal s.XX L Musical Cu Cient3fica TIC I Debuxo Art Tec. intelixentes		4
1º	Relixi3n / Libre disposici3n	Libre dis	Relixi3n	1
	<b>Total</b>			<b>32</b>

Curso BACH	Materia	Galego	Castelán	Sesi3ns lectivas
2º	Lingua Castel3 e Literatura II		3	3
2º	Lingua Estranxeira II	---	---	3
2º	Lingua Galega e Literatura II	3		3
2º	Historia da Filosof3a	3		3
2º	Historia de Espa3a		3	3
2º	Obrigatoria de modalidade:	Mat Ac Mat Ap	Lat3n	4
2º	De opci3n de modalidade 1:	F3sica Xeograf3a	Biolox3a Grego	4
2º	De opci3n de modalidade 2:	Hª Arte Debuxo T3c Tecno-Enxe	Empresa Qu3mica Xeolox3a	4
2º	Optativas: Franc3s	M3todosEstaNº Psicolox3a Xª Hª Arte Gal TIC II Debuxo Art Hª M3s Danza		4
2º	Relixi3n / Libre disposici3n		1	1
	<b>Total</b>			<b>32</b>

**B.- Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.**

- Con carácter xeral, as alumnas e os alumnos que non teñan o suficiente dominio de calquera das linguas que se imparten no IES recibirán as oportunas medidas de atención á diversidade.
- O IES de Ortigueira actuará coa sensibilidade necesaria para evitar a discriminación do alumnado por calquera causa relacionada co descoñecemento dalgunha das linguas oficiais.

**C.- Medidas e procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ámbalas dúas linguas oficiais, noutras ensinanzas.**

**C.1.-Ensinanza para persoas adultas e F. P. Básica Inicial.**

- As ensinanzas nas que o Decreto do Plurilingüismo non especifica as materias que deben ser impartidas en cada lingua oficial tratarán de contribuír a que o alumnado poida desenvolverse social e profesionalmente en calquera delas.

**C.2.- Ciclos formativos**

- A maiores ó punto anterior, na formación profesional básica e específica tratarase de acadar o coñecemento do vocabulario propio de cada módulo en ámbas as dúas linguas que garanta o óptimo desenvolvemento profesional en diferentes contornas lingüísticas.

**D.- Os obxectivos xerais e as liñas de actuación para o fomento da lingua galega.**

- Non perder as persoas galegofalantes que hai no centro. Este obxectivo implica crear un ambiente académico que anime ao alumnado galegofalante a empregar o seu idioma en calquera ámbito da vida e a afondar no seu coñecemento.
- Gañar novos individuos galegofalantes. Este segundo obxectivo establece o reto de animar ós alumnos e profesores que non empregan normalmente o galego a coñecelo e empregalo con maior frecuencia.
- Superar a situación de diglosia. Ligado ós obxectivos anteriores, esta terceira meta implica, para toda a comunidade educativa, convencerse de que o galego é, coma calquera outra lingua, unha ferramenta útil para comunicarse e expresarse en calquera situación ou contexto.
- Mellorar a competencia lingüística da comunidade educativa en xeral. Conseguir este obxectivo tamén implica comprender que o galego é unha lingua en proceso de normalización e, que, dende o punto de vista da lingüística, queda un longo camiño por percorrer.
- Mellorar a nosa autoestima como único xeito de manter viva a nosa cultura, da que a lingua é unha parte esencial.
- A Xefatura de Estudos, en coordinación co Equipo de Dinamización Lingüística e os Departamentos Didácticos do Centro, velará polo cumprimento da lexislación vixente, en relación coas materias que deben ser obrigatoriamente impartidas en galego.
- Seguir utilizando o Taboleiro da Lingua, actualizándoo cando sexa preciso. Alí, recolleranse as últimas modificacións á normativa ortográfica do galego. Convén que este taboleiro sexa confeccionado polo propio alumnado, baixo a supervisión e colaboración de distintos departamentos (Lingua Galega, Equipo de Dinamización Lingüística, etc.).
- Como norma, os ordenadores de uso público (sala do profesorado, biblioteca, aula de informática), terán instalado, por defecto, o seu software en galego. Ademais, disporán das ferramentas necesarias para poder traballar nesta lingua con normalidade.
- Na Biblioteca, aumentarase o material audiovisual en galego.
- Realizaranse cada ano académico actividades complementarias relacionadas directamente coa promoción do Galego que figurarán no Proxecto Anual elaborado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.